

Venres, 5 de maio de 2017

Núm. 86

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

**PAZOS DE BORBÉN**

**Contratos administrativos**

*LICITACIÓN OBRA "CAMPO DE FÚTBOL DE NESPEREIRA"*

A Xunta de Goberno Local acordou na súa sesión extraordinaria celebrada o día 26 de abril de 2017, anular a licitación da obra "Campo de fútbol de Nespereira (Pazos de Borbén)", publicada no BOP nº 78, do 24/04/2017, logo de detectar varios erros e defectos nos Anexos I e II do do Prego de cláusulas económico – administrativas corrixidos mediante a aprobación do novo prego.

En consecuencia convócase nova licitación por concurso aberto:

#### **1.—Entidade adxudicadora:**

- a) Organismo: Concello de Pazos de Borbén
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

#### **2.—Obxecto do Contrato:**

- a) Descrición: Construción do campo de fútbol de Nespereira (Pazos de Borbén)
- b) Lugar de execución: Lg. Areeiro–Nespereira
- c) Prazo de execución: SEIS MESES.
- d) CPV: 45230000

#### **3.—Tramitación e procedemento:**

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Procedemento: aberto

#### **4.—Valor estimado do contrato:**

460.168,05 euros

- Orzamento base da licitación:
- Importe neto: 380.304,17 euros
- IVE (21 %): 79.863,88 euros
- Importe total: 460.168,05 euros

Código seguro de verificación: 23IETUJAO36F8QZS



Venres, 5 de maio de 2017

Núm. 86

## 5.—Garantías esixidas

— Definitiva: 5 % do prezo de adxudicación, excluído o IVE.

## 6.—Obtención de documentación e información:

- a) Dependencia: Secretaría do Concello de Pazos de Borbén
- b) Domicilio: Pazos, nº 52 - 36841 Pazos de Borbén
- c) Teléfono: 986497035
- d) Telefax.: 986497146
- e) Dirección de internet do perfil do contratante: [www.pazosdeborben.org](http://www.pazosdeborben.org)

## 7.—Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

- O prazo de presentación de ofertas será de 26 días naturais, que se contarán dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP de Pontevedra.
- b) Documentación a presentar:
  - A que figura no prego de cláusulas administrativas.
- c) Lugar de presentación:
  - Rexistro xeral do Concello de Pazos de Borbén - Lg. Pazos, nº 52 - 36841 Pazos de Borbén (Pontevedra), de luns a venres.

## 8.—Apertura de ofertas:

- a) Entidade: Concello de Pazos de Borbén
- b) Dirección: Pazos, nº 52 - 36841 Pazos de Borbén
- c) Data e hora: a apertura do sobre B realizarase, en acto público, ás 10:00 horas do quinto día hábil seguinte ó do que finalice o prazo sinalado para a presentación de ofertas. A apertura do sobre C realizarase de acordo co establecido na cláusula 12º do prego de cláusulas que rexe o procedemento aberto para a contratación.

## 9.—Criterios de adxudicación do contrato:

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa atenderase ós seguintes criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato:

— Enumeración dos criterios non avaliábles mediante fórmulas (Sobre B).

Os criterios avaliábles mediante xuízos de valor valoraranse con un máximo de 45 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

— Memoria construtiva e programa de traballo, ata un máximo de 30 puntos.



Venres, 5 de maio de 2017

Núm. 86

- Memoria de mantemento da obra co número de anos e programa detallado de actuacións ata 15 puntos.

NOTA IMPORTANTE: só se procederá á apertura e valoración das propostas do sobre C daquelas empresas que obtivesen unha ponderación dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor que superen os 20 puntos.

- Enumeración dos criterios avaliábles mediante fórmulas (Sobre C): valoraranse con un máximo de 55 puntos.

Pazos de Borbén, 27 de abril de 2017.—O Alcalde, Andrés Iglesias Rodríguez.

Código seguro de verificación: 23IETUUAO36F8QZS

